



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CD2TCP000100	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1708	Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo	2024/2025	1	30	30

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARISOL FERNÁNDEZ PÉREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tomando como base a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, (e os aspectos desta modificados pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro) e o Real Decreto 1538/2006 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, fixéronse as bases da estrutura dos títulos de formación profesional a nivel do Estado.

Baseándose nesta e noutras normativas, correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer os currículos dos ciclos formativos no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

No título III da Lei orgánica 3/2022 establécese o carácter dual da formación profesional a as súas modalidades. Como desenvolvemento da citada lei, apróbase o Real decreto 659/2023, do 18 de xu- llo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional, e incorpora na formación as transformacións froito da dixitalización, a transición ecolóxica e a susten- tabilidade en todos os sectores económicos, como vectores clave da economía, o emprego e o benestar social. Seguindo o establecido na citada normativa, establécense módulos vinculados ás ha- bilidades e ás capacidades transversais como:

Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo.

A sustentabilidade, entendida como a capacidade de satisfacer as nosas necesidades presentes sen comprometer a capacidade das futuras xeracións para satisfaceren as súas, converteuse nunha prioridade global. A introdución do módulo de Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo no primeiro curso dos ciclos permite que o alumnado traballe a sustentabilidade de xeito transversal con outros módulos: a xestión eficiente dos recursos naturais, a redución de residuos e emisións, a adopción de prácticas laborais e empresa- riais que minimicen o impacto ambiental, a promoción da economía circular, o desenvol- vemento da innovación e da tecnoloxía verde, xunto á responsabilidade social corporativa das empresas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Retos do desenvolvemento sustentable	Veremos os problemas que temos e cómo se foron afrontando	4	20
2	Obxectivos do desenvolvemento sustentable: os ODS	Coñeceremos as metas que queremos acadar en sustentabilidade	4	20
3	Empresa e sustentabilidade	Como deben afrontar as empresas a sustentabilidade	4	10
4	Deseñar para a sustentabilidade	Veremos os ciclos de vida dos produtos e a economía lineal	8	30
5	Os medidores da sustentabilidade	Saberemos en qué medida o estamos a facer ben	5	10
6	Documentación: o plan de sustentabilidade	Aplicar o que sabemos sobre sustentabilidade empresa	5	10



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Retos do desenvolvemento sustentable	4

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	NO
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse o concepto de sustentabilidade, establecendo os marcos e os acordos internacionais asociados ao desenvolvemento sustentable
CA2.1 Identifícaronse os principais retos ambientais e sociais
CA2.3 Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 Identifícaronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais

4.1.e) Contidos

Contidos
Introdución ao concepto de sustentabilidade. Repercusión na economía globalizada.
Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.
Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc.), descarbonización etc.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.



Contidos
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Obxectivos do desenvolvemento sustentable: os ODS	4

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	NO
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Relacionáronse os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030
CA3.1 Identificáronse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan

4.2.e) Contidos

Contidos
Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. Relevancia para a consecución da Axenda 2030.
Riscos, impactos reais e potenciais relacionados cos ODS.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Empresa e sustentabilidade	4

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	NO
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícanse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que inflúen no desenvolvemento sustentable das organizacións empresariais
CA1.4 Analízase a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización
CA1.6 Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores
CA3.2 Analizáronse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS

4.3.e) Contidos

Contidos
Piares ambientais, sociais e de gobernanza transcendentales no desenvolvemento sustentable das organizacións.
Identificación dos aspectos sociais e de gobernanza (ASG) nas organizacións.
Identificación dos aspectos de sustentabilidade e ODS máis salientables do sector produtivo correspondente.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Deseñar para a sustentabilidade	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	NO
RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular	SI
RA5 - Realiza actividades sustentables minimizando o impacto destas no ambiente	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.3 Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS
CA3.4 Identificáronse as prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS
CA4.1 Determináronse os modelos de produción e consumo actual
CA4.2 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA4.3 Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA4.4 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA4.5 Aplicáronse principios de ecodesenho
CA4.6 Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados
CA5.1 Caracterizouse o modelo de produción e consumo actual



Criterios de avaliación
CA5.2 Identifícaronse os principios da economía verde e circular
CA5.3 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA5.4 Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais
CA5.5 Aplicáronse principios de ecodeseño
CA5.6 Aplicáronse estratexias sustentables
CA5.7 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA5.8 Identifícaronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados
CA5.9 Aplicouse a normativa ambiental

4.4.e) Contidos

Contidos
Contribución das actitudes persoais na consecución dos ODS.
Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Identificación dos procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Análise de sustentabilidade do ciclo de vida de produtos e servizos.
Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos.
Produtos sustentables: ecodeseño.
Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables.
Materialización dos principios de ecodeseño nas actividades ou nos produtos sustentables.



Contidos
Aplicación dos principios da economía verde e circular. Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción. Cumprimento de normativa ambiental. Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais. Aplicación de estratexias sustentables. Análise das fases do ciclo de vida do produto. Criterios de sustentabilidade aplicados nos procesos de produción.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Os medidores da sustentabilidade	5

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	NO
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Identifícanse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sustentabilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento
CA2.2 Relaciónáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.5 Analízase a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable



4.5.e) Contidos

Contidos
Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente. Definición de investimento socialmente responsable (ISR): criterios éticos, ambientais e sociais. Tipos de ISR. Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS. Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica. Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Documentación: o plan de sustentabilidade	5

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustifica accións para a súa xestión e a súa medición	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse os principais grupos de interese da empresa
CA6.2 Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais
CA6.3 Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados
CA6.4 Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados



Criterios de avaliación

CA6.5 Elaborouse un informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos

4.6.e) Contidos

Contidos

Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.

Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.

Identificación dos principais grupos de interese da empresa.

Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.

Análise de todos os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza, das expectativas dos grupos de interese e da importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.a) Tras analizar a realidade da contorna do centro e as posibles saídas laborais do alumnado, considero unha serie de criterios de avaliación como claves na consecución das competencias establecidas no currículo.

A superación dos mesmos é polo tanto imprescindible para a avaliación positiva deste módulo. Estes criterios de avaliación están sinalados cun SI no apartado mínimo esixible, para cada unidade didáctica, no apartado 4.d. e son resumidos a continuación:

- Describir a sustentabilidade e identificar os principais retos ambientais e sociais.
- Identificar os ODS máis relacionados coa industria téxtil e recoñecer a súa importancia para a consecución da axenda 2030.
- Analizar os impactos reais e potenciais das empresas do ámbito téxtil e relacionalos cos ODS.
- Identificar os principios da economías circular e os beneficios do ecodeseño.
- Determinar a medición da sustentabilidade e os organismos certificadores da mesma.



- Aplicar un plan de sustentabilidade nunha empresa

As probas de avaliación, e/ou as actividades avaliadas serán propostos tendo en conta os CA, e incidindo nos considerados mínimos esixibles.

5.b) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Cualificación trimestral

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, por lo que ten un carácter continuo. Ao remate das UD correspondentes a cada trimestre, realizarase unha proba obxectiva teórica (de preguntas curtas de definición de conceptos, relacionar os mesmos, completar definicións, verdadeiro ou falso ou preguntas de escolla múltiple) na que as respostas fallidas contarán negativamente.

As probas escritas que se realicen terán unha cualificación numérica entre 1 e 10.

Para que se poidan considerar avaliados positivamente terán que ter como mínimo un 5. Se a nota é inferior a 5 esa parte deberá recuperarse antes da avaliación final do módulo e NON poderá ser compensada coas notas doutras partes facendo media. Nese caso, a nota do trimestre será como máximo un 4.

As partes aprobadas non terán que recuperarse e a nota final será recalculada unha vez recuperadas as partes suspensas. Non se realizarán recuperacións ao longo do curso. Haberá un periodo de recuperación antes da avaliación final ordinaria de xuño.

A cualificación trimestral será a nota media de cada UD das que correspondan a cada trimestre.

Para o cálculo da nota da terceira avaliación (nota final) calcularase a nota de cada avaliación según o peso (apartado 3a) das UD que lles correspondan. A nota final será a suma das tres.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Alumnado co módulo pendiente

O alumnado que promocioe a segundo curso, con este módulo pendiente de 1º, cumprindo os requisitos que para elo se establecen nas instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional para este curso académico, deberá realizar actividades de recuperación no primeiro e segundo trimestres deste segundo ano (Outubro a Marzo).

As actividades, poderán incluír unha proba de coñecemento, de produción ou de desempeño. Para recuperar o módulo será preciso superar todos os CAs.

Para recuperar o módulo será preciso superar estas probas nas que as preguntas falladas contarán negativamente.

Nestas probas, haberá que acadar como mínimo un 5 sobre 10 para poder superar o módulo. As cualificacións destas probas só farán media cando a súa puntuación sexa cando menos dun 5 sobre 10 (NON poderán compensarse coa nota doutras probas)



Alumnado que esté cursando o módulo

O alumnado que está cursando o módulo e que non supere algunha das probas, terá unha oportunidade de recuperación antes da avaliación final de xuño.

Repetiranse as probas escritas correspondentes, ás probas e actividades superadas durante o curso manteráselles a nota. As partes aprobadas non terán que recuperarse e a nota final será recalculada unha vez recuperadas as partes suspensas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito a avaliación continua (véxase guía do alumnado) terá unha ou varias probas específicas teóricas nas que se demostrará o dominio dos CAs asociados a cada unha das Unidades Didácticas.

Estas probas, serán diferentes das que se lle fagan aos alumnos e alumnas que sexan avaliados ordinariamente e realizaranse no mes de xuño, en período previo á avaliación final do módulo, na data sinalada pola Xefatura de Estudos.

As probas consistirán na resposta a cuestionarios de preguntas curtas nas que as incorrectas contarán negativamente. Serán avaliados cunha nota de entre 1 e 10.

O alumno ou alumna deberá obter unha nota mínima dun 5 sobre 10 en cada unha das UD para superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización

- O logro dos obxectivos programados

- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

De conformidade co establecido na Ley Orgánica 2/2006 de 3 de Maio, de educación, daremos resposta á atención dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo baseándonos nos principios de normalización e inclusión. Estamos a nos referir a alumnos con necesidades educativas especiais, alumnos con altas capacidades intelectuais, así como alumnos extranxeiros incorporados ao noso sistema educativo. No momento da realización da avaliación inicial, se revisarán os expedientes do alumnado na procura de datos que permitan detectar algunha destas necesidades. O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor tutor nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo, que coordinarán a elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A adaptación curricular será necesario realizala cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, propóndose para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

- 1.-Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
 - 2.-Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
 - 3.-Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. . Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
 - 4.-Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe exixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan, para mellorar o seu rendemento.
- Todo de cara a realiza-las oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de tódolo alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.
- 5.-Para levar a cabo calquer tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:
 - As capacidades terminais e os contidos
 - Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.
 - Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios.
 - Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.
 - Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
 - A metodoloxía
 - Técnicas de traballo cooperativo.



- Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.
- Actividades de reforzo, poden ser alternativas.
- Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno/a, mellora-la súa autoestima.
- A avaliación
- Modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ó longo de todo o curso, favoreceranse os seguintes:

Novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.

Tendo en conta o concepto de transversalidade aplicado nas diferentes etapas do sistema educativo, tódolos contidos que aparecen na programación trátanse con respecto á Natureza e a o Medio Ambiente, e realízanse as actividades tendo en conta criterios de Seguridade e Hixiene.

Como obxectivo común a cada un dos módulos que compoñen este ciclo, atópase o de conseguir persoas concienciadas da necesidade de velar pola saúde do noso Planeta e da súa propia.

Igualdade entre mulleres e homes.

Integración do alumnado con discapacidade.

Fomentar o traballo en grupo así como o respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material a través de diferentes actividades.

Reciclar papel e materiais de refugallo que se poidan producir en calquera das clases do ciclo co fin de conseguir ser respetuosos co medio ambiente.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no Centro Integrado.

Visitas a empresas téxtiles.

Asistencia a feiras e eventos locais ou nacionais relacionados co mundo da moda e a sustentabilidade.

Tanto o calendario, como as empresas e feiras determinaranse ó longo do curso en función da programación, as condicións climatolóxicas e, no caso das empresas, cando estas indiquen a data na que nos poden recibir.



Tratarase de establecer contactos con algunha empresa que se dedique especificamente á reutilización de pezas de vestir.